

## Convocatoria Bolsas Municipais Comedor curso 2022/2023

13 de xuño de 2022

Hoxe 13 de xuño de 2022 publicouse no enderezo web do taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, a listaxe de requirimento de emenda de documentación das solicitudes da convocatoria para a concesión de bolsas municipais para o pago de comedores escolares no curso escolar 2022/2023. Pódense consultar en:

- Taboleiro de edictos  
<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=view&id=15878>
- Páxina web de servizos sociais  
<https://www.coruna.gal/serviciosociales/es/noticias/detalle-noticias/publicacion-del-listado-de-requerimientos-de-subsanacion-de-beca-comedor-convocatoria-2022-2023/suceso/1453803150365>

A listaxe cos requirimentos de emenda de documentación, identificarán as solicitudes atendendo ao **código de asento de rexistro de entrada da solicitude inicial e ao número de expediente asignado** e se referirá á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 e documentación do apartado 10 da convocatoria (en caso de non atender a este requirimento ou non facelo adecuadamente terase por desistida a solicitude); así como da corrección da documentación xustificativa doutras circunstancias a valorar distintas da situación económica da unidade familiar do apartado 11 (en caso de non atender a este requirimento ou non facelo adecuadamente NON se terá por desistida a petición).

O prazo para a presentación da documentación requirida é do **14 ao 28 de xuño, ambos incluídos**, e poderá presentarse, previa cita (010, [citaprevia.coruna.gal](mailto:citaprevia.coruna.gal)), nos rexistros municipais (Praza de María Pita, Fórum Metropolitano, Centro Ágora, Franxa e do CCM Mesoiro), no rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es>) así como en calquera outro dos previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Atentamente,

Bolsa Comedor